


Esto de ser garda
civil ten o seu aquel.
Home, arriscámonos, é
certo, pero sempre queda a
satisfacción de protexer
ós demais, á xente pacífica
que moitas veces ten que
leixar con antisociais,
menores e maiores, xente
de fóra da lei, delincuentes
de toda
caste. O meu
traballo é no
rural e temos
a vantaxe de que a xente
do campo ten boas
ulideiras e sabe por onde
van as cousas, utiliza
a prudencia necesaria e
infórmanos. O noso labor
veríase moi mancado se
non contásemos con esa

9

A fuxida de Manuel **Xosé Neira Vilas**

Contos de Agardar



Xosé Neira Vilas
(Gres, Vila de Cruces, 1928).

Escritor e xornalista. Membro numerario da Real Academia Galega. É autor, entre outras, das seguintes obras: *Memorias dun neno labrego* (1961), a obra máis reeditada, vendida e traducida da literatura galega, *Camiño bretemoso* (1967), *Historias de emigrantes* (1968), *Remuíño de sombras* (1973), *Querido Tomás* (1980), *Memoria da emigración* (1994—1996), *O home de pau* (1999), *Dende Gres* (2004).

© do texto: Xosé Neira Vilas

© da edición:



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística

Subvenciona:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Consello Editor: Xosé Xoán Barreiro Prado

Paz Filgueira Paz
Luís M. García Mañá
Xosé González Martínez
Xoaquín Monteagudo Romero
Benito Montero Prego
Carme Pérez Vaquero
Xosé M. Rodríguez—Abella
Carlos Varela García

Coordinación: Xosé González Martínez

Carme Pérez Vaquero

Corrección de edición: Fran Zabaleta

Fotografía e deseño da colección: Pío García

Imprime: Litoror

Depósito legal: C 2186—2007

Edita: Pío García Edicións

A función da Policía nun Estado de dereito é, xunto coa tradicional de garantir a seguridade pública, defender a legalidade democrática e os dereitos dos cidadáns, e os seus principios de actuación son os de servizo permanente á comunidade, máxima consideración á dignidade das persoas e evitación de calquera discriminación.

A Policía asume o feito de que a Constitución e o Estatuto de Autonomía lle recoñecen ao galego a condición de idioma oficial do país e a circunstancia de que é a fala utilizada a cotío pola maioría dos cidadáns.

A lingua galega é un instrumento de comunicación pero tamén é un mecanismo de integración social e política de primeira orde, un medio de expresión colectivo moi relevante para a identificación política e social da comunidade que a fala. Velaí que o Estado no seu conxunto, e dentro del a Policía, incorporen o galego como a súa lingua propia a nivel interno e nas relacións coas persoas.

Os cidadáns poden, xa que logo, dirixirse en galego aos policías, con toda naturalidade, de forma oral e por escrito. E tamén teñen todo o dereito do mundo a que os policías os atendan nesa lingua.

Neste intento por estender o uso da lingua galega aos procedementos administrativos poli-

ciais é importante a participación dos funcionarios e funcionarias, garantindo os dereitos lingüísticos e facilitando os medios para o seu cumprimento.

Velai a intención desta campaña de normalización lingüística: abrir novos espazos institucionais á comunicación, oral e escrita en lingua galega. Entendemos que os corpos de seguridade deben prestaren os seus servizos na lingua maioritaria de Galicia —que é o galego— e os cidadáns demandalos sen ningún complexo cultural.

A colección de relatos do que forma parte este que o lector ten na súa man é unha manifestación do compromiso que a Policía asume na promoción e defensa do idioma galego.

Xoaquín Monteagudo Romero

Presidente da Asociación de Funcionarios para a
Normalización Lingüística de Galicia.






9

A fuxida de Manuel

Xosé Neira Vilas



Contos de Agardar
A fuxida de Manuel

Esto de ser garda civil ten o seu aquel. Home, arriscámonos, é certo, pero sempre queda a satisfacción de protexer ós demais, á xente pacífica que moitas veces ten que leirear con antisociais, menores e maiores, xente de fóra da lei, delincentes de toda caste. O meu traballo é no rural e temos a vantaxe de que a xente do campo ten boas ulideiras e sabe por onde van as cousas, utiliza a prudencia necesaria e in-fórmanos. O noso labor veríase moi mancado se non contasemos con esa colaboración imprescindible. Nas aldeas todos saben o ir e vir dos veciños, que camiños collen, en que choios andan e cando se trata dalgún forasteiro, con todo o desenleio necesario, síguenlle os pasos, vixíllano con moito tino. E cóntannos. Certo que esta disposición para coñecer as vidas alleas e os pasos alleos xera murmuracións, chismes. Hai moito aburrimiento, cando se percorren día tras día os mesmos carreiros e se ven as mesmas caras. Mais, non

é preciso ir á aldea para escoitar chismes. Témoslos a eiro na televisión, onde, en vez de temas de máis siso e altura, esfolan a tododiós, xentes de sona, famosos, que ata se deixan esfolar por cartos, que todo hai neste mundo tan encerellado e lercho, onde algúns se encoiran se lles pagan. Pero non é o caso. Nas aldeas onde me tocou traballar nunca souben de confidentes nin nada desa traza. Aquí infórmannos de todo o que anda torto; saben que eso quer dicir seguridade para todos. E ás veces a información chéganos de xeito “literario” como eu lle chamo; dínnos o que hai que dicir, pero envolto en frases de eu supoño, a min non me faga caso, dixéronme, puidera ser, quen sabe, por aí rósmase, non me chista o dixomedíxome... Pero nós quitámoslle os follatos, as reviravoltas, os adobíos, e sempre chegamos ó que nos importa. É que ademais ocorre cada cousa... No verán pasado cadroume de atender un caso de certa maneira pintoresco. Un vello viúvo que vivía só —poñamos que se chama Manuel— deixou a casa. Fóise. Ten dúas fillas casadas lonxe, coas que se leva nin ben nin mal. Unha e outra propuxéronlle que fose vivir con elas. Pero nada. Manuel nin arre nin xó. Unhas veces prometía que si, que

Contos de Agardar
A fuxida de Manuel

o pensaría, que quizáis máis adiante, pero seguía na súa casoupa. Elas tampouco o visitaban moito. Viven arrentadas, teñen os seus traballos e fillos que atender. Algunha vez chegaban con algún regalexo, algunha lambetada. Era un caso como tantos que hai por aí adiante. Pero un día deulle o rauto e foise. Deixou un papeliño na porta da casa, unha nota escrita con bolígrafo na que simplemente informaba que se ía. Non dicía para onde nin por que. Dous veciños avisáronnos. Había desconcerto, pois Manuel era unha persoa normal, un algo retraído, eso si, pero polo demais, coma calquera, chisco arriba ou abaixo. E de súpeto, esa tolada. Había que buscalo. Movémonos deseguida. Primeiro revisamos debaixo da cama, na corte do gando, na cociña, en cada recanto da casa. Non fora ser que puxese o papeliño para chamar a atención e que seguise dentro. Nada. Marchamos ó embalse. ¿Un intento suicida? Puidera ser. Os veciños terciaban que sería raro nel, pero como non sabemos nada da procesión de por dentro de cada quen, tampouco podía descartarse. Démoslle voltas ó lago aquel, e nunha desas un compañeiro noso berra: “Aquí!”. Atopara a roupa do Manuel derriba dunha pedra, coma quen vai nadar

ou decide afogarse e acabar coa vida. Os veciños colaboraban connosco. Ían e viñan igual que nós abeirando o embalse. Todos estabamos convencidos de que se guindara na auga. Pero había certas dúbidas por parte dalgúns. Non crían que fose quen de suicidarse. Non lles canxaba tal comportamento, a menos que tolease. Dous compañeiros de protección civil querían guindarse dende o mesmo lugar onde Manuel deixara a roupa. Dixémoslles que non, pois para eso podíamos nós chamar ós geos ou mergulladores especializados. Tamén pensamos en avisar ós do servizo criminolóxico para que viñesen cos cans, e ata nos pasou polo maxín solicitar á base que nons mandasen un cuco, ou helicóptero de apoio. Pero tampouco se trataba de matar unha galiña a canonazos; o Manuel non daba para tanto despregue e maquinaria. Se afogara, por vontade propia ou por accidente, nada había que facerlle; buscar o cadáver e acabouse. E se andaba noutras, xa aparecería. E o certo que si andaba noutras, algo así como xogando connosco. Vouche contar. Eu malicieei algo e pedínlle permiso ó xefe, un cabo andaluz, de Huelva, que aterrara aquí, que me permitise voltar á casa do fuxitivo. Non me cocía no corpo todo aquilo

do letreiro encolgado na porta e a roupa abandonada na beira do embalse. Cheirábame a argallada. Meu pai, que tamén fora garda civil tíñame contado historias semellantes, de homes e mulleres que buscan maneiras de chamar a atención sen máis. Pedínlle ó cabo que me deixara un tempiño para seguir remexendo e observando. Son de aquí e coñezo os modos trangleiros dalgúns, as poses e extravagancias coas que a xente disfruta, e esto maniféstase na vellada, no frade e nos xogos que se arman no entroido. Total que o cabo deixoume e desandei o camiño maliciando algo. Xa se vería se acertaba. Volvía cavilando nas cousas que nos ocorren ós que andamos nesto de perseguir maleantes e axudar e protexer á xente de ben. Lembrei á muller que maltrataba ó marido, tíñao pechado e case non lle daba de comer. ¡Manda truco! O xuíz autorizoume a entrar e vin ó paisano desnutrido, arrandeando, e a maltratadora tras da porta cun coitelo de matar porcos, preparada para atacalo, e atacouno, e fíxolle un corte nunha man, e logrei desarmalo tras certa lea, pois ela non respectaba uniforme nin nada. Tamén recordei a vez que estaba atendendo o tráfico e vin que alguén conducía facendo eses e pareino e

fíxenlle a proba de alcoemia, que daba sobradamente positivo e preguntoume se lle quitaban o carné e tamén como podíamos arranxar o problema e sacou un fataxo de billetes dun calcetín para subornarme. ¡Hai cada un! Levo só nove anos neste e levo vivido tantas cousas que nin che conto. Como o caso do esquizofrénico que disque vía a Deus nunha bombilla acendida e invocaba de mal xenio a toda a corte celestial, e un día tivemos que detelo e quitarllo de diante á muller e ós fillos, ós que ameazaba cada vez que lle viña o rauto. De todo hai neste mundo. Podería falar de drogadictos, de asaltos a bancos, ou daquel que lle roubaron o coche e metérono no coche deles, que non era delas pois tamén o roubaran, e levárono a un monte, dentro do maleteiro e chamou dende o teléfono móbil, e de primeiras non podía dicir onde se achaba, non o sabía. Este traballo ten os seus riscos e contratemplos pero tamén conta co agradecemento da xente e coa solidariedade dos compañeiros. Pero indo ó conto, indo a Manuel, que del viña falando, o que liscou tras pendurar un letreiro na porta. Foi un acerto o terlle pedido ó cabo que me deixase voltar á aldea. Metinme na eira do fuxitivo, sentei debaixo

Contos de Agardar
A fuxida de Manuel

do hórreo e quedei ollando a contorna. Dalí a pouco vin que se movían as pacas de herba seca que estaban amoreadas na palleira. Alguén remexía debaixo delas. Pensei nalgún animal, pero non. Era o Manuel en persoa, encoiro, arrondeando, espenuxado, que saía do seu improvisado cubil. Botouse a correr cando me veu, pero non tardei en detelo. Pedínlle que entrase na casa e puxese algún trapo enriba, e fun andando con el diante de min ata a beira do encoro onde o seguían buscando os meus compañeiros.

DEREITOS LINGÜÍSTICOS

Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega oralmente e por escrito nas súas relacións cos cidadáns.

(Artigo 8.3. da Lei 1983, de Normalización Lingüística de Galicia)

Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

(Artigo 10 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia)

Os escritos redactados na lingua oficial dunha comunidade Autónoma que dirixan á Administración Militar particulares, Corporacións públicas ou institucións de autogoberno pertencentes a aquela, terán plena validez e eficacia.

(Artigo 2 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar).

No caso das relacións verbais entre particulares e centros ou dependencias da Administración Militar con sede nunha Comunidade Autónoma con lingua propia, os primeiros serán atendidos a súa elección en castelán ou na lingua da Comunidade.

(Artigo 4 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar)

No ámbito territorial das Comunidades Autónomas con Estatuto que establezan a cooficialidade lingüística, os peticionarios terán dereito a lles formular as súas peticións á Administración Xeral do Estado ou ós organismos públicos vinculados ou dependentes dela en calquera das linguas oficiais e a obter en resposta na lingua da súa elección.

(Artigo 5 da Lei Orgánica 4/2001, reguladora do dereito de petición)

Os detidos dispoñen do pleno dereito ao uso das linguas cooficiais perante os poderes públicos radicados na Comunidade Autónoma, sexan estes estatais ou mesmo rexionais”

(Sentenza do Tribunal Constitucional do 21 de xaneiro de 1987)

Contos de agardar
é unha colección que pretende achegar ao lector
unha escolma de autores de relato galego,
dentro da campaña de normalización lingüística
“En galego, con toda seguridade”.
Con ela pretendemos promover o uso do idioma galego
nas relacións dos
corpos e forzas de seguridade coa cidadanía



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística



Dirección Xeral da
Policía Nacional
e Garda Civil



Dirección Xeral da
Policía Nacional
e Garda Civil



Consellería de Presidencia
Policía Autónoma